

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña).**

**Certifico:** Que o Pleno do Concello de Ames, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2022 adoptou o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO OITAVO. AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE DE ROSA ISABEL GARCÍA AGRELO PARA O EXERCICIO DUNHA ACTIVIDADE PRIVADA.**

**Expediente GD 5343/2022**

Figura no expediente informe proposta da Secretaría municipal do tenor literal seguinte:

**“INFORME PROPOSTA DE SECRETARÍA**

**ASUNTO: COMPATIBILIDADE DE ROSA ISABEL GARCÍA AGRELO**

**Expediente GD 5343/2022.**

*En relación co expediente relativo ao recoñecemento de compatibilidade de Rosa Isabel García Agrelo, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte, **INFORME PROPOSTA***

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** Con data 09.10.2019 Rosa Isabel García Agrelo, co NIF 76.965.630V, foi nomeada funcionaria interina do Concello de Ames no posto de Técnica de Educación.

**Segundo.** Con data 02.05.2022 (RE 8204/2022) Rosa Isabel García Agrelo solicita que lle sexa concedida autorización para compatibilizar o seu posto na Administración co desempeño de actividades privadas de carácter profesional. En relación con esta solicitude manifesta o seguinte:

*Que a actividade privada para a que se desexa a compatibilidade non require a súa presenza efectiva durante un horario superior á metade da xornada ordinaria semanal de traballo no Concello.*

*Que non ten autorizado a compatibilidade para un segundo posto ou actividade pública.*

*Que a actividade privada pola que se desexa a compatibilidade se realizará por conta propia fora do horario de 08:00 a 15:00 horas.*

*Que a actividade privada pola que se desexa a compatibilidade non está incluída no artigo 12.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas*

*Que as retribucións complementarias do posto de Técnica de Educación non inclúen o factor de incompatibilidade, non estou retribuído por arancel e non son persoal directivo.*

*Que o complemento específico do posto de Técnica de Educación non supera nun 30% as retribucións básicas de dito posto.*

*Que para exercer a actividade privada pola que se desexa a compatibilidade darase de alta no réxime especial de traballadores autónomos.*

## **Normativa aplicable.**

*Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril (TRRL).*

*Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas (LI)*

*Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e empresas dependentes*

*Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. (TRLEBEP).*

*Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

### **PRIMEIRO. NORMATIVA APLICABLE.**

*O desempeño dun posto de traballo na Administración será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, pública ou privada, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia, tal e como indica o artigo 1 da LI.*

*A tenor do artigo 11 da LI, o persoal ao servizo da Administración Local non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, que se relacionen directamente coas que desenvolva a Entidade onde estivese destinado, exceptuándose aquelas que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.*

*Tamén resulta de aplicación o artigo 11 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes que establece o seguinte:*

*En aplicación do previsto no artigo 11.2, da Lei 53/1984, non poderá recoñecerse compatibilidade para o desempeño das actividades privadas que en cada caso se expresan ao persoal que se enumera nos apartados seguintes:*

*1. O persoal que realice calquera clase de funcións na Administración, co desempeño de servizos de xestión administrativa, xa sexa como titular, xa como empregado en tales oficinas.*

*2. O persoal que realice calquera clase de funcións na Administración, co exercicio da profesión de Procurador ou con calquera actividade que poida requirir presenza ante os Tribunais durante o horario de traballo.*

*3. O persoal que realice funcións de informe, xestión ou resolución coa realización de servizos profesionais, remunerados ou non, aos que se poida ter acceso como consecuencia da existencia dunha relación de emprego ou servizo en calquera Departamento, Organismo, Entidade ou Empresa públicos, calquera que sexa a persoa que os retribúa e a natureza da retribución.*

*4. Os Xefes de Unidades de Recursos e os funcionarios que ocupen postos de traballo reservados en exclusiva a Corpos de Letrados, co exercicio da Avogacía en defensa de intereses privados ou públicos fronte á Administración do Estado ou da Seguridade Social ou en asuntos que se relacionen coas competencias do Departamento, Organismo, Ente ou Empresa en que presten os seus servizos.*

*Terán a mesma incompatibilidade os Letrados da Banca Oficial, Institucións financeiras, Organismos, Entes e Empresas públicas e Seguridade Social.*

*5. O persoal destinado en unidades de contratación ou adquisicións, co desempeño de actividades en empresas que realicen subministracións de bens, prestación de servizos ou execución de obras xestionados polas estas unidades.*

*6. Os Arquitectos, Enxeñeiros e outros titulados, respecto das actividades que correspondan ao título profesional que posúan e cuxa realización estea sometida a autorización, licenza, permiso, axuda*



financeira ou control do Departamento, Organismo, Ente ou Empresa en que estean destinados ou a que estean adscritos.

7. Os Arquitectos, Enxeñeiros e outros titulados e demais persoal incluído no ámbito de aplicación deste Real Decreto, respecto de toda actividade, xa sexa de dirección de obra de explotación ou calquera outra que poida supor coincidencia de horario, aínda que sexa esporádica, coa súa actividade no sector público.

8. O persoal sanitario comprendido no artigo segundo da Lei 53/1984, no exercicio de actividades de colaboración ou concerto coa Seguridade Social na prestación sanitaria que non teñan carácter de públicas segundo o establecido no artigo segundo deste Real Decreto.

O artigo 12 da LI, prohíbe expresamente exercer as seguintes actividades:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, nos asuntos en que estea a intervenir, interveña nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público (SSTS de 15 de outubro de 1994 e de 13 de novembro de 2001).

b) Pertenza a Consellos de Administración en Entidades Privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione a Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño de cargos en empresas concesionarias ou contratistas de obras, servizos ou subministracións.

d) A participación superior ao 10% no capital das empresas a que se refire o apartado anterior (véxase STS de 15 de outubro de 1994).

Do anteriormente exposto dedúcese que todas as actividades privadas que non se atopen nalgún de devanditos supostos poderán ser obxecto de recoñecemento de compatibilidade.

## SEGUNDO. LIMITACIÓNS ECONÓMICAS.

O artigo 16.1 da LI establece o seguinte:

1. Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos do disposto no presente artigo, a dedicación do profesorado universitario a tempo completo ten a consideración de especial dedicación.

3. Exceptúanse da prohibición enunciada no apartado 1, as autorizacións de compatibilidade para exercer como Profesor universitario asociado nos termos do apartado 1 do artigo 4.º, así como para realizar as actividades de investigación ou asesoramento a que se refire o artigo 6.º desta Lei, salvo para o persoal docente universitario a tempo completo.

4. Así mesmo, por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1º.3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

No suposto que nos ocupa, tal e como deriva do informe de RRHH obrante no expediente, as retribucións de Rosa Isabel García Agrelo teñen un complemento específico que non supera o 30% da súa retribución básica (soldo) excluídos trienios e as súas retribucións non recollen o factor de incompatibilidade nin se retribúen por arancel, nin é persoal de alta dirección, nin ten autorizada outra compatibilidade no sector público.

### **TERCEIRO. ESIXENCIAS E CONDICIONAMENTOS.**

Existen determinadas actividades que se atopan exceptuadas da aplicación do réxime de incompatibilidades e que poden realizarse libremente, sen necesidade de autorización ou recoñecemento de compatibilidade. En concreto, as sinaladas no artigo 19 da Lei 53/1984, tales como as derivadas da Administración do patrimonio persoal ou familiar; a dirección de seminarios; a participación en Tribunais cualificadores de probas selectivas para ingresos nas Administracións Públicas; a produción e creación literaria; o impartir cursos en centros oficiais destinados á formación de funcionarios, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano; etc.

No caso de Rosa Isabel García Agrelo o recoñecemento de compatibilidade ten por obxecto, segundo manifesta, o exercicio por conta propia de actividades encadradas no epígrafe IAE:899/2 correspondente a outras actividades profesionais consistentes en asesoramento técnico-xurídico xeral e ordinario en materia de xestión organizativa e de RRHH nas Administracións Públicas que exercerá en horario de 17:00 a 20:00 horas.

Pola técnica de secretaría en data 20.05.2022 emitiuse informe favorable a solicitude de compatibilidade de Rosa Isabel García Agrelo respectando os seguintes compromisos:

1º Que no exercicio da súa actividade profesional non coñecerá asuntos nos que estea intervindo, interviñera nos dous anos anteriores ou teña que intervir por razón do seu posto de Técnica de Educación do Concello de Ames.

Inclúese en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que estea obrigado a atender no desempeño do posto de Técnica de Educación do Concello de Ames.

2º Non pertencer a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas cuxa actividade está directamente relacionada co seu posto de Técnica de Educación no Concello de Ames.

3º Que non desempeña por si ou por persoa interposta cargos en empresas ou entidades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministros, arrendatarias ou administradores de monopolios ou con participación ou aval do Concello de Ames, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

4º Que non ten participación superior ó 10% no capital das empresas ou sociedades ás que se refire o número anterior.

5º Que non ten recoñecida compatibilidade para un segundo posto no sector público.

6º Que o seu complemento específico no Concello de Ames non supera nin superará o 30% da súa retribución básica no Concello.

7º Non poderá invocar ou facer uso do seu posto de Técnica de Educación do Concello de Ames para o exercicio da súa actividade profesional.

8º A súa actividade profesional por conta propia non poderán ter lugar en horario de maña (07:45-15:00 horas).

Polo tanto, o recoñecemento da compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario da interesada, quedando automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

### **CUARTO. PROCEDEMENTO. PRAZO E COMPETENCIA.**

O recoñecemento da compatibilidade deberase ditar no prazo de dous meses, tal e como establece o artigo 24 da LI

En canto aos efectos en caso do silencio administrativo, hai que entender aplicable o establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, é dicir, o silencio entenderase positivo.

Todas as resolucións de compatibilidade para desempeñar actividades privadas inscribíranse nos rexistros de persoal correspondentes.

A competencia corresponde o pleno do Concello de Ames tal e como deriva do artigo 14 LI. Non se precisa quórum especial dado que non está comprendido en ningún dos supostos do artigo 47 LRBRL.



A autorización de compatibilidade deberá publicarse no portal de transparencia por esixencia do artigo 8 da Lei de transparencia ( Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno). Tamén deberá anotarse no rexistro correspondente de recursos humanos ( artigo 18 LI).

Por todo o exposto informase favorablemente a adopción dos seguintes acordos polo pleno do Concello de Ames sen quórum especial:

**Primeiro.** Autorizar a Rosa Isabel García Agrelo, Técnica de Educación do Concello de Ames, a compatibilidade coa actividade privada do exercicio -por conta propia- de funcións de asesoramento técnico-xurídico xeral e ordinario en materia de xestión organizativa e de RRHH (epígrafe IAE 899/2) en horario de tarde ( de 17:00 a 20:00 horas) coas seguintes condicións:

1º Que no exercicio da súa actividade profesional non coñecerá asuntos nos que estea intervindo, interviñera nos dous anos anteriores ou teña que intervir por razón do seu posto de Técnica de Educación do Concello de Ames.

Inclúese en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto de Técnica de Educación do Concello de Ames.

2º Non pertencer a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas cuxa actividade está directamente relacionada co seu posto de Técnica de Educación no Concello de Ames.

3º Que non desempeña por si ou por persoa interposta cargos en empresas ou entidades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministrados, arrendatarias ou administradores de monopolios ou con participación ou aval do Concello de Ames, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

4º Que non ten participación superior ó 10% no capital das empresas ou sociedades ás que se refire o número anterior.

5º Que non ten recoñecida compatibilidade para un segundo posto no sector público.

6º Que o seu complemento específico no Concello de Ames non supera nin superará o 30% da súa retribución básica no Concello.

7º Non poderá invocar ou facer uso do seu posto de Técnica de Educación do Concello de Ames para o exercicio da súa actividade profesional.

8º A súa actividade profesional por conta propia non poderán ter lugar en horario de mañá (07:45-15:00 horas).

9º.- No caso de cambio de posto no sector público esta autorización quedará automaticamente sen efecto.

**Segundo.** Dar traslado para a súa inscrición no correspondente rexistro de persoal e publicar no portal de transparencia.

**Terceiro.** Facultar o alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado

Ames, a secretaria

Rosa Ana Prada Queipo.”

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.** Autorizar a Rosa Isabel García Agrelo, Técnica de Educación do Concello de Ames, a compatibilidade coa actividade privada do exercicio -por conta propia- de funcións de asesoramento técnico-xurídico xeral e ordinario en materia de xestión organizativa e de RRHH (epígrafe IAE 899/2) en horario de tarde ( de 17:00 a 20:00 horas) coas seguintes condicións:

1º Que no exercicio da súa actividade profesional non coñecerá asuntos nos que estea intervindo, interviñera nos dous anos anteriores ou teña que intervir por razón do seu posto de Técnica de Educación do Concello de Ames.

Inclúese en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto de Técnica de Educación do Concello de Ames.

2º Non pertencer a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas cuxa actividade está directamente relacionada co seu posto de Técnica de Educación no Concello de Ames.

3º Que non desempeña por si ou por persoa interposta cargos en empresas ou entidades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministros, arrendatarias ou administradores de monopolios ou con participación ou aval do Concello de Ames, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

4º Que non ten participación superior ó 10% no capital das empresas ou sociedades ás que se refire o número anterior.

5º Que non ten recoñecida compatibilidade para un segundo posto no sector público.

6º Que o seu complemento específico no Concello de Ames non supera nin superará o 30% da súa retribución básica no Concello.

7º Non poderá invocar ou facer uso do seu posto de Técnica de Educación do Concello de Ames para o exercicio da súa actividade profesional.

8º A súa actividade profesional por conta propia non poderán ter lugar en horario de mañá (07:45-15:00 horas).

9º.- No caso de cambio de posto no sector público esta autorización quedará automaticamente sen efecto.

**Segundo.** Dar traslado para a súa inscrición no correspondente rexistro de persoal e publicar no Portal de Transparencia.

**Terceiro.** Facultar o alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que así conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 1 de xullo de 2022, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Visto e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

